

Lectores/as expertos/as e xuvenil



¿A que altura está o ceo?

Jorge Mira. Alvarellos.

Realiza unha viaxe no tempo desde a Grecia clásica ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo.

A lenda de Sally Jones.

Jakob Wegelius. Pulp.

Unha historia sobre crimes non resoltos en terras afastadas; a maldade e a amizade en océanos tormentosos; a traición, a esperanza e a morriña.



Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta.

Leticia Costas, Xerais.

Jules Verne chega a Vigo a bordo do seu iate disposto a atopar a pista das mulleres planta. Logrará por fin atopalas?

Nunca mascotas.

Paula Carballreira. Costa Oeste.

É un libro de poesía que pretende recuperar o animal que levamos dentro, unha demanda de liberdade.



Aleida, cidade sen alma.

Víctor Boullón. Demo.

Na Compostela medieval, Aleida investiga unha misteriosa morte acontecida no interior do recinto da catedral, aparentemente a causa dun lobo.



Música




Deserto de centos.

CD. Primeiro traballo en solitario de Sonia Lebedynski. Disco de diferentes estilos musicais dos que foi bebendo ao longo da súa traxectoria.

Opoñerse á extinción.

CD. É o 4º álbum de SES, cantautora que viste as súas cancións de blues, rock, sons latinoamericanos e letras reivindicativas.



Adultos/as e xuvenil



O anxo negro.

Manuel Gago. Xerais.

A comezos dos 80, o capitán retirado Nicolás Bren recibe un estraño encargo dos veciños dunha parroquia da Costa da Morte: recuperar unha figura roubada.

As horas roubadas.

María Solar. Xerais.

A morte dun ancián que sostén na man un papel coa mensaxe "Dime que queres" destapa unha apaixonada historia de amor. Ambientada na España do 79, dous anos antes da Lei do divorcio.



A ferida do vento.

Antón Riveiro Coello. Galaxia.

En 1978, Antón ten quince anos e, logo de tres meses no internado, volve a Xinzo de Limia. Pero seu avó vaille dar unha nova que o deixará abraiado.

Izan o da saca.

Xabier Quiroga. Xerais.

Un estraño paquete é o punto de partida para unha perigosa pescuda sobre un intrigante feito da posguerra, a "Ruta das Ratas", o paso polo noroeste da península cara o refuxio nazi de América do Sur.



Presas fáciles.

Miguelanxo Prado. El Patito Editorial.

Nun escenario onde os altos cargos que levaron o país á quebra son recompensados, e a cidadanía sofre as consecuencias das preferentes, dous inspectores deben descubrir a relación entre uns crimes e a crise financeira.



O mundo está parado.

CD. Guadi Galego.

Cancións nas que están presentes a pluralidade, a universalidade e a diversidade. É unha reflexión sobre a imposibilidade da coherencia.



CEIP ADR Castelao de Rianxo

CEIP Ana M^a Diéguez de Asados

CEPX M^a Brea Segade de Taragoña

BPM Castelao de Rianxo

Un ano máis ofrecémosvos unha proposta de lecturas e música para compartir no Nadal.

No ano que remata deixounos o escritor e mestre Agustín Fernández Paz. A súa perda foi especialmente sentida nas bibliotecas e entre tod@s os amantes da boa literatura, por iso queremos que esta guía sexa tamén unha pequena homenaxe á súa obra e ao seu compromiso coa lingua e a cultura. Buscade os seus libros nas librerías e nos andeis das bibliotecas, levádeos e gozade deles. Grazas, Agustín, polo teu legado!

Boas festas e boas lecturas!

Prelectores/as



Máis contos en cantos.
Almudena Janeiro. OQO.

Música e literatura a través dunha selección de contos do mundo con diferentes estilos musicais. Libro-CD-DVD.

Somos amigos?

Anabel Fernández Rey. Kalandraka.

Descubre que a amizade é, polo menos, cousa de dous.



O momento perfecto.

Susanna Isern. La Fragatina.

Esquíu recibiu unha carta moi importante e ten que chegar ao seu destino canto antes. Polo camiño atoparase con amigos que o necesitan.

Colección Toca-Toca.

Engaiolarte.

Libros pensados para o estímulo visual e do tacto dos máis pequenos/as.



Xa vooooou!

Susanna Peix Cruz. Bululú.

Suit é un peixiño moi despistado. Cando lle piden que faga unha cousa sempre responde *Xa vooooou!*


O fío.

Gracia Iglesias. Kalandraka.

Tirón a tirón, rima a rima, foron mingando a chaqueta, a camiseta, o pantalón... ata o bosque e mesmo o sol!



Primeiros/as lectores/as



Canta connosco!

Migallas. Kalandraka.

Esta edición conmemorativa recupera as cancións que fixeron bailar a moitas xeracións de rapaces/as.

Marcopola 4. Avoa Power.

Jacobo Fernández Serrano. Xerais

O ladrón Blake the Tiger anda facendo das súas na Costa das Patacas. Alí chegan Marcopola, Libro e Dragoneta para axudar a Seara, a avoa de Libro, a resolver a desfeita.



Axente Riciños.

El Hematocrítico. Xerais.

Non hai detalle que se escape á lupa de Riciños de Ouro, a nena máis curiosa do bosque. A axente Riciños resolve o crime antes de que se cometa. Se necesitas axuda, só tes que facerlle un aceno.

Poemas birollos para ler cos ollos.

Fran Alonso. Xerais.

Atréveste a ver a poesía dunha forma diferente?



O meu tío Xakim.

Fermín Solís. El Patito Editorial.

Todos estaban moi tranquilos no barrio ata que apareceu o tío Xakim a lombos dun elefante.

A árbore da escola.

Antonio Sandoval. Kalandraka.

Achegarse a ela, regalo, darlle apertas, lerlle poemas... Oxalá a semente desta árbore viaxe a moitas escolas.



Lectores/as autónomos/as



Lobishome.

Jacobo Paz Limia. Bolanda.

Unha noite de lúa chea. Un estraño suceso. Ti es o protagonista e tomarás decisións ao final de cada páxina que te levará a un destino diferente.

Ollos Animais Extraordinarios.

X. Gutiérrez e N. Fernández. Kalandraka.

A maioría dos animais ven dunha forma moi diferente á humana. Descubre o mundo a través dos seus ollos.



Versos da tarde laranxa.

Ana M^a Fernández. Árbore/Galaxia.

Libro de poemas sobre as estacións, as rúas, os sentimentos, as cores, ...

Marta e a píntega.

Eli Ríos. Galaxia.

Nunha noite de lúa triangular Marta e a píntega Oli aterran nun mundo cheo de fantasía, un mundo de conto onde non todo é o agardado.



Cámbiache o conto!

Pinto & Chinto. Xerais.

Os contos clásicos en clave de humor.

Todo o tempo do mundo.

David Pérez Iglesias. Xerais.

Esta é a historia de Ariadna e o seu avó Valente e os días que pasaron xuntos ata que a nena se foi a Canadá, onde estaban emigrados seus pais.

